



VITORIA PASADA POR AUGA

Partido correspondente a 6ª xornada de liga prebenxamín no seu Grupo 2º disputado na tarde do venres entre os equipos do Portuarios e do Numancia nas instalacións de A Gándara.

A Gándara 25 de xaneiro de 2013.

ALIÑACIONS

PORTUARIOS: Diego, David, Manuel, Alfonso, Bachir, Sergio, Daniel, Antón, Rodolfo e Bruno.

NUMANCIA: Miguel, Manu, Marcos Rey, Marquitos, Carlos, Iván, Brais, Aaron, Davicito e Hugo.

COLEXIADO: Felipe Romero Filgueira.

GOLES:

0 – 1: Davicito (min. 3).

0 – 2: Iván (min. 8).

0 – 3: Iván (min. 15).

1 – 3: Daniel (min. 18).

1 – 4: Marquitos (min. 21).

1 – 5: Marquitos (min. 24).

1 – 6: Manu (min. 35).

1 – 7: Marquitos (min. 42).

Partido disputado nunha tarde pasada por auga que faría a práctica do fútbol un pouco complicada. En canto ao partido refírese tería o dominio deste o conxunto numantino que sería o que marcaría o ritmo de xogo en todo momento. Ao descanso chegouse co resultado de 1 - 5

a favor dos de Ares. Xa no segundo período o Numancia faría subir dous novos goles ao marcador o que botaría o resultado final de Portuarios 1 - Numancia 7.